As campás da catedral de Santiago: a máis alta música comunitaria

Os toques tradicionais de campás

Houbo un tempo no que había un campaneiro en cada catedral, en cada parroquia importante. Moitos dos campaneiros vivían na mesma torre, pois tiñan que tocar varias veces ao longo do día: ao amencer, o toque do alba, para o rezo de laudes, para a misa maior, o ánxelus ao mediodía, o toque de vésperas nas primeiras horas da tarde, algunha que outra devoción vespertina, e logo o toque de peche do templo coa oración da noite polos defuntos, que adoitaba coincidir co toque de murallas

Eran outros tempos, con moitos sacerdotes, que soamente celebraban unha misa diaria pola mañá, e que despois tiñan distintas actividades no coro ao longo da xornada. En cada catedral, mesmo en cada parroquia había unha misa maior diaria, con tres sacerdotes, que marcaba a actividade principal da mañá.

Todo isto expresábase con moi diferentes toques de campás, que sinalaban a vésperas ou a laudes, ao momento cume da misa maior ou Consagración, ás distintas actividades litúrxicas, con máis dunha ducia de clases diferentes: días de primeira clase, de segunda, de dobre maior, de semidobre, de dobre, de simple... Os toques de misa eran, apenas, un dez por cento do total: desde a apertura de murallas, ao peche do templo nocturno e a seguinte oración polas ánimas, toda unha serie de toques, diferentes segundo os días, marcaban e organizaban o ritmo de cada cidade, pobo ou aldea. Non só eran unha chamada ao templo; tamén ordenaban o paso do tempo dunha maneira natural, harmónica coa natureza: o toque da alba ao amencer, o do mediodía cando o sol está máis alto, o de ánimas ao ocaso. O sol organizaba a vida nunhas sociedades cunha tecnoloxía máis escasa e con poucos medios de iluminación nocturnos.

E se as campás estruturaban o tempo comunitario, máis aló dos reloxos, tamén mostraban espazos e representacións sociais: toque cando o bispo sae á praza, toque para a chegada (ou partida) de autoridades, toques de

procesión que indicaban en que lugar (e tempo) atopábase o percorrido. E tamén, e sobre todo, toques de defuntos: de home ou de muller, de rico ou de pobre, de adulto ou de neno, de relixioso, de autoridade ou de simple cidadán... Múltiples toques para indicar a partida dalgún membro da sociedade. Curiosamente, nas nosas sociedades tradicionais non había polo xeral toques de bautizos, de vodas ou de comuñóns: eses eran considerados actos privados, familiares. Pero a morte afectaba a todos e era comunicada a todos, marcando, iso si, as diferenzas sociais e persoais do defunto.

E mesmo as campás protexían: non só poñían a gran cruz que as adorna cara ao exterior para protexer á comunidade, xa que o mal sempre vén de fóra. Tamén soaban antes e durante as tormentas, para evitar a caída de raios ou de sarabia... Sen esquecer os angustiosos toques de alarma («Alarma, que nos atacan!») para previr en casos de invasións ou os máis habituais, por incendios ou inundacións.

Por iso os campaneiros vivían preto, mesmo xunto ás súas campás: para transmitir inmediatamente aquelas amplas mensaxes necesarias para o bo funcionamento da súa comunidade.

O reloxo, unha máquina inutilmente necesaria

É certo que había reloxos: unha maquinaria cara e de difícil mantemento, que servía para pouco nunha sociedade de baixa tecnoloxía e de escasa iluminación. O reloxo era unha máquina de prestixio urbano, e de maneira xeral, o lugar de desencontro entre a autoridade civil e relixiosa. Habitualmente o señor local ou, mellor aínda, o municipio, compraban un reloxo, coas súas propias campás, para regular doutro xeito o tempo comunitario. Pero así como en Europa os municipios erixían unha torre diferente, e a miúdo máis alta, co seu reloxo e as súas propias campás, nestas terras, aproveitábase, mediante concordias, que a mesma torre da catedral ou da igrexa maior albergase o reloxo municipal, iso si, situado nun lugar distinto, polo xeral máis alto, e con campás soamente utilizadas para marcar o paso das horas.

O caso de Santiago é peculiar: como o señor relixioso e civil coincidían na mesma persoa, a torre do reloxo estaba situada na propia catedral, aínda que con campás diferentes, que non participaban —nin participan— nos toques diarios, festivos ou de duelo do templo e por tanto da cidade.

Moitos modos de tocar as campás

Se hai unha primeira observación que estraña, nos nosos días, é que apenas un de cada dez toques tradicionais era unha chamada a misa, máis sorprende saber a gran diferenza que había de toques dun lugar a outro. As necesidades eran as mesmas, pero as formas de tocar eran radicalmente diferentes, e cambiaban dunha catedral a outra. Por exemplo, en Santiago están fixas todas as campás grandes excepto dúas, chamadas as Primas, porque tocaban ao oficio de prima, e en calquera caso sempre se tocan fixas todas para festas, diario ou defuntos. En Aragón, en Zaragoza, a campá maior voltea, que alí dise «bandea», para festas mentres que as demais repican. O contrario ocorre na catedral de Jaca, tamén en Aragón, onde a grande e as pequenas están fixas, e soamente bandean as do medio. En Cataluña, e tamén en Mallorca e en Toledo, as campás non voltean: se balancean ata quedar investidas entre toque e toque, o mesmo que ocorría coas Primas de Santiago, pero nestes casos son todas as campás da torre as que oscilan. En Andalucía e Murcia, ao revés: as grandes fixas, as pequenas voltean. E en Valencia voltean todas, unha tradición relativamente moderna, pois se impuxo a partir de 1550...

Sen esquecer que en moitos lugares, non só de Galicia, tamén desde León a Navarra, pasando por Euskadi ou parte da Rioxa, as campás están sempre fixas e soamente se repican.

Non depende o movemento do tamaño da campá. Ben é certo que a Maior de Santiago mide 211 cm. de diámetro e está fixa, pero a maior de Mallorca, a soada N'Aloi, oscila con algo máis de 200 cm. de diámetro, grazas ao esforzo dunha ducia de campaneiros que tiran dunha soga da que colgan cordas menores, nunha técnica moi parecida á utilizada para o Botafumeiro da nosa catedral.

Non saberemos na maior parte dos casos quen inventou eses toques tan diversos. O certo é que cada catedral adoitaba ter o seu libro de toques, non só para o bo goberno da mesma, senón tamén para a correcta comunicación cos veciños. Mesmo en lugares como Sevilla ou Salamanca imprimíronse nunha folla de grandes dimensións a relación e o tipo de toques para que fosen recoñecidos.

Os campaneiros movíanse por tanto entre dous límites: se tocaban estritamente a partitura, a miúdo descritiva, comunicaban mal e aburrían. Pero se

improvisaban demasiado, comunicaban peor. Por tanto o equilibrio estaba en comunicar sen aburrir nin aburrirse. Por iso eran partituras abertas que marcaban a estrutura rítmica, máis que melódica, e que daban certo grao de liberdade ao intérprete. Iso si, sen que o crese demasiado. O campaneiro, o xornalista da comunidade, non cría que tiña o poder de inventar noticias ou de trastornar os ritmos cidadáns: sabía que era a última sardiña do prato, un obreiro que tira da corda. E con todo improvisaban e creaban un ambiente musical, que caracterizou as paisaxes sonoras urbanas e rurais durante séculos e que permitía saber non só que estaba a ocorrer senón quen era o campaneiro, o transmisor, a voz da comunidade.

O final dunha época

Por unha serie de motivos coincidentes, a partir dos anos cincuenta do século XX desaparecen os toques de campás e en consecuencia os campaneiros. A vida litúrxica simplifícase, e o coro desaparece das igrexas rurais e urbanas. Mesmo nas catedrais limítase. De reunirse cinco ou seis veces diarias para as distintas oracións, prima, laudes, sexta, nona, vésperas, completas, moitas catedrais limitan a oración comunitaria a laudes e misa conventual, e non todos os días, reservando as vésperas para media ducia de festas ao ano.

A simplificación da vida litúrxica exprésase igualmente na simplificación dos toques. Grazas ao testemuño escrito dos Fandiño* sabemos os últimos toques tradicionais da catedral, xa moi limitados: toque de diario, de domingo, de festivo; toque de defuntos con dúas variacións, soamente para o clero da catedral e pouco máis.

A explicación é sempre a mesma: os campaneiros custan moi caros. Pero esta é unha mala escusa: a electrificación das campás, mesmo mínima vale máis que o salario de dez anos dos campaneiros. Hai outras xustificacións non expresadas: unha falsa idea de modernidade (ata as campás van soas!!!), unha simplificación litúrxica coa escusa do Vaticano II, aínda que o propio Concilio non a xustifica nos seus escritos, unha idea (quen o diría?) de ser europeos, ou sexa modernos. E con todo descoñecen que en Europa as campás seguen tocando a man...

* Ricardo Fandiño Lage, tamén tiraboleiro, último campaneiro dende o ano 1942 ata a súa xubilación no ano 1978, xunto co seu fillo, o tamén campaneiro Jesús Fandiño Vidal, e o resto da súa familia tiñan a súa residencia no interior da catedral.

As electrificacións salvaxes

Comezaron a electrificar as campás de maneira totalmente arbitraria. Se dixemos que cada catedral tocaba de modo diferente, agora empezan a tocar todas igual. Mellor dito, cada catedral comeza a tocar segundo a empresa instaladora. Uns colocan só volteos, outros só abalos, outros exclusivamente repiques, segundo o orzamento e segundo lles parece. Pero nunca investigan cales son os toques locais, nin pensan que os campaneiros manuais vaian volver.

Un (mal) exemplo: na catedral de Santiago había unha campá encima de cubertas que soamente oscilaba para servir de comunicación aos campaneiros: avisáballes de cando tiñan que comezar e acabar, Outra pequena tamén oscilaba para o toque de coro matinal. E das campás fixas, a de Fogo non tiña cordas porque soamente anunciaba incendios ou participaba moi extraordinariamente nos toques festivos, cando sobraban os axudantes. Pois ben, xuntaron as dúas campás pequenas na torre, quitáronlles o seu xugo de madeira, que en galego chaman cepo, e puxéronas a volteo continuo, costume descoñecido desta catedral, co contrapunto da campá de Fogo, a golpes lentos. Calquera habitante de Santiago non recoñecería eses toques, que nada tiñan que ver cos antigos. E aínda peor, unha das Primas foi dotada tamén de xugo metálico e volteo continuo, cando soamente oscilaba para Vésperas, tocando xunto ás demais nas festas e celebracións.

A escusa era simple: son toques máis modernos. Tamén podían substituír as portas da catedral por outras de aluminio, máis modernas, pero a iso non se atreveron. E con todo, a paisaxe sonora da cidade quedou trastornado. Para sempre?

Logo houbo outras mecanizacións, engadindo máis leña ao lume: a cada empresa que chegaba cambiábanse os mecanismos de toque, sen o menor control musical nin patrimonial, e deixábanse os anteriores no seu lugar. A torre converteuse así nun museo do horror, nunha colección de aparellos inútiles acumulados.

Unha proposta de restauración

Se entendemos por restaurar o modo de recuperar os valores orixinais dun ben patrimonial, no caso das campás dunha catedral a restauración pasa por tres puntos básicos: recuperar a sonoridade orixinal, devolver os toques orixinais, e permitir os toques manuais.



Campá Laus Deo (De Sinais)

A sonoridade orixinal restablécese devolvendo os xugos de madeira, que illan as campás da fábrica, e lles dan unha sonoridade peculiar, propia. No caso de campás rotas, como a Prima Bárbara, que precisamente rompeu por tocala de maneira diferente á tradicional, a soldadura permite recuperar a resonancia perdida.

Para os toques tradicionais contamos coa xa apuntada relación de toques dos Fandiño, que indican as estruturas base e as súas variacións, sobre todo do Repique Francés*, o toque festivo por excelencia, e que por certo estaría relacionado con algún peregrino que importou modos diferentes de tocar, case próximos aos carillóns de Flandes.

Os mecanismos que se propuxeron tiñan que cumprir dúas condicións: reproducir eses toques tradicionais e non impedir os toques manuais. De feito, como é habitual neste tipo de restauracións, non se mecanizaron

* O 13 de decembro de 2015, na cerimonia de apertura da Porta Santa co gallo da celebración do Ano da Misericordia, volveu a soar o Repique Francés despois de máis de sesenta anos, da man do campaneiro Jesús Fandiño Vidal axudado por membros da Escola de Música Berenguela.

todas as campás senón aquelas que dan o servizo mínimo da catedral: toques diarios, de domingo, festivos, de defuntos. Pero nada substitúe nin pode substituír aos campaneiros.

Novos grupos de campaneiros

Na catedral de Santiago sería fácil volver tocar manualmente as campás. Non só porque a instalación nova permíteo, senón porque os toques propios son relativamente simples, non esixen grandes esforzos físicos e sobre todo pódense interpretar por varias persoas.

Ben é certo que nos últimos toques tradicionais os sempre ben ponderados Fandiño podían tocar sós catro ou cinco campás. Pero non é menos certo que un equipo de campaneiros, coordinados, que se escoiten uns a outros, poden expresar, mellor que calquera mecanismo, os sentimentos, as crenzas, as emocións da cidade.

E ese si que sería un signo de modernidade. Nalgunhas catedrais como Valencia, ou Pamplona, ou Segorbe, ou Tarragona, hai xa novos grupos de campaneiros voluntarios que pasan, que pasamos, o noso tempo libre tocando os días de festa ou de pena, expresando a través das nosas campás e dos nosos toques tradicionais as emocións da comunidade.

O exemplo de Pamplona é sensacional: as campás da torre sur levaban sen tocar máis de oitenta anos a volteo, e tampouco lle importaba moito iso a ninguén. Con todo, tras a restauración da fachada, as torres e as campás, propuxéronnos a formación dun grupo de voluntarios para o toque desas campás. A aprendizaxe non foi fácil: o bandeo, como lle chaman alí, das catro maiores é complicado e require dous ou tres persoas por campá, cunha técnica difícil de aprender, pesada e un tanto perigosa. Pois ben, tras un mes de teórica e prácticas, tomárono con moita ilusión, e alí seguen, tocando manualmente as súas campás dúas ducias de veces ao ano.

E falabamos antes de modernidade europea. A autentica modernidade consiste, para os campaneiros, en coñecer e relacionarse con moitos outros grupos europeos, ingleses, holandeses, belgas, italianos, que practican, algúns desde fai máis de cincuenta anos, os toques manuais. Mellor dito, para os campaneiros anglicanos, que nunca deixaron de tocar a man e non aceptan ningún tipo de motor nas súas instalacións porque din, e con razón, que

as campás son a voz da comunidade, e se unha comunidade non é capaz de tocar as súas campás, mellor que estean caladas...

O reloxo de Santiago

Hai un punto patrimonial que non debemos esquecer: trátase do reloxo da catedral. Ben é certo que podemos recuperar os toques manuais, e devolver a voz ás campás da torre das campás. Unha voz humana, tocada por persoas e non por máquinas.

Pero non é menos certo que existe un reloxo mecánico na torre do reloxo, cremos que o único que segue en funcionamento en todas as catedrais de España. Case a metade garda a maquinaria, pero non hai outra catedral, que lembremos, que conserve o remontaxe diario das pesas, cada noite despois das once, para marcar, de día e de noite o paso do outro tempo, o tempo automático, o tempo dos reloxos e das máquinas.

Se importante será volver tocar as campás da catedral, moito máis importante será que o reloxo siga funcionando, de día e de noite, con remontaxe e coidado manuais, marcando o tempo e o espazo patrimoniais de Santiago.

Francesc Llop i Bayo (Valencia 1951) é antropólogo e campaneiro. Forma parte dos Campaners da Catedral de Valencia. Doutor en Antropoloxía Social pola Complutense de Madrid. Desde 1996 coordina a web campaners.com que recolle miles de datos sobre campás, campaneiros e toques. Realizou o inventario de campás das catedrais de España, e participou na restauración de numerosos conxuntos de campás como as catedrais de Sevilla, Murcia, Valencia, o Pilar de Zaragoza, Huesca, Pamplona e Santiago, entre outras.

1

letra negra

variacións culturais

BERENGUELA escola de música

AULA de Letras e Escritura Creativa